

O PARQUE NATURAL DE MONTE ALOIA, UN DOS MOITOS CAMIÑOS

*Ángeles Fernández Giráldez**

*Santiago Pérez Poza***

Centro de Información
Parque Natural Monte Aloia

No ano 1978, o monte Aloia foi o primeiro en ser declarado Parque Natural en Galicia. A diversidade e distribución da súa flora e fauna, as súas características orográficas e a singularidade das súas sendas son tres razóns polas que o Monte Aloia se revela como un espacio natural idóneo para cumplir uns determinados obxectivos, mediante a posta en práctica de programas de actividades e doutras accións encamiñadas en xeral ó coñecemento do medio e o respecto pola naturaleza.

A inquietude social polo medio natural é algo que se pon de manifesto día a día. Dende a posibilidade que o home ten de modificar ou transformalo medio —non só dunha maneira destructiva como se di en moitos casos, senón tamén dun xeito constructivo— a vontade de torna-la preocupación en ocupación pode converterse no procedemento ou na ferramenta apropiada para asumir e cumplir coa función que verdadeiramente nos corresponde,

dende o noso sitio, dentro dun sistema natural.

A nosa concepción da vida con respecto á relación que existe entre tódolos seres vivos debe cambiar, así como as nosas pautas de comportamento, xa que a calidade de vida presente e futura está nas nosas mans e, en gran medida, como responsables da súa procura, podemos mellorala.

Este feito trae consigo a tarefa que se ten que levar a cabo tanto por parte da iniciativa privada como da pública. Así, cumprindo este precepto, os espacios naturais protexidos ocupan un lugar obrigado para posibilita-lo gozo e asemade a conservación.

O pasado ano, coincidindo co seu vixésimo aniversario como Parque Natural, o monte Aloia pasou a contar cun novo equipamento: o Centro de Información e Interpretación da Natura Enxeñeiro Areces. Ademais do que isto implica en canto a infraestrutura, supón unha clara intención de poñer ó servicio da poboación un refe-

* Bióloga de Medio Ambiente.

** Biólogo de Medio Ambiente.



A ruta do rego da pedra.

rente á hora de obter información detaillada sobre este Parque Natural e todo aquilo que nos pode ofrecer, pero sen desatender, por outro lado, a obriga que temos de conserva-lo noso patrimonio natural e cultural, e en definitiva, a nosa identidade.

Neste punto é preciso lembra-lo estreito vínculo que gardan os espacios naturais cos seus moradores más próximos. No caso do monte Aloia, dado o carácter periurbano e a súa situación estratégica, esta relación de interdependencia vén determinada dende tempos remotos ata os nosos días.

Coa diversidade como base da supervivencia no proceso da dinámica

da vida, podemos ver no monte Aloia un exemplo de equilibrio e variedade en tódolos seus aspectos.

Tomando isto como punto de partida, o traballo está por facer, e os obxectivos poden chegar a través de diferentes camiños, levándonos todos eles ó coñecemento do noso contorno, así como a conseguir actitudes de sensibilización e respecto. Debemos considera-lo monte Aloia como un parque natural e un espacio de lecer, pero tamén como un recurso didáctico permanente no que se propón o coñecemento da natureza, na propia natureza ou a partir da experiencia directa.



Pequena charla diante dun panel de sinalización dunha ruta.

As tarefas levadas a cabo para consegui-los mencionados obxectivos son varias. Por un lado, o programa de actividades en espacios naturais protexidos que o Servicio de Medio Ambiente Natural da provincia de Pontevedra



Na fonte.

impulsa e patrocina desde hai varios anos, e gracias ó cal cada vez son máis os colexios que se acercan ó monte Aloia para coñecelo mellor e iniciarse na identificación do ecosistema do bosque, para descubri-la función de cada



Descanso a carón da ermida.


unha das súas especies e as relacións existentes entre os seres vivos que compártimo-lo mesmo hábitat.

Por outro lado, ponse en marcha a sinalización de vieiros ou rutas que, en percorridos ó longo de gran parte da superficie do parque, amosan os seus valores, tanto naturais coma arqueolóxicos —Castro Alto dos Cubos— ou etnográficos, como no caso dos muíños de Paredes e do río Trípes. Son cinco as rutas sinalizadas (autoguiadas) que atravesan o parque, e todas elas contan co apoio de folletos-guía que amplían a súa información con datos técnicos, descripción do itinerario e ilustracións das diferentes formas de vida, animal e vexetal, que podemos atopar no camiño. Estas rutas caracterízanse pola súa accesibilidade. Todas elas son de baixa ou media dificultade, polo que poden ser realizadas, praticamente, por calquera persoa.

A modo de invitación, compartimos unha das experiencias que se levou a cabo cun grupo de vintedous mozos da ONCE de Aragón. As súas idades oscilaban entre os dez e os quince anos. Todos tiñan deficiencia visual de diferentes graos e dous deles visión nula. Faltáballes un importante sentido, polo que a insistencia e a necesidade de utilizar tódolos demais tiña que ser constante. Acostumados a un desenvolvemento urbano con moitos medios ó seu alcance, a nosa idea era proporcionarlles unha verdadeira experiencia de campo. Escollémo-la ruta da Poza das Cabanas, ánda que podería ter sido calquera outra. Durante o

camiño case todos caeron pero iso non supuxo impedimento ningún. Familiarizarse cos distintos elementos do contorno natural foi o principal obxectivo e as sensacións que na súa busca todos experimentamos foron un regalo.

O espertar sensorial pode ser unha boa introducción que dea paso a unha aproximación máis global ó medio, a percepción a través dos sentidos darános un coñecemento máis completo.



Débense coida-los ecosistemas.

DESCRICIÓN DAS RUTAS



Plantando unha árbore.

Como se comentou con anterioridade, coa realización destas rutas preténdese dar a coñece-la importancia da flora e fauna do Parque Natural, así como a súa historia e as características etnográficas e arqueolóxicas. As rutas son autoguiadas, o que significa que poden facerse libremente seguindo as indicacións dos camiños ou dos folletos-guía; ou ben, se se contacta previamente co Centro de Información do Parque, este poñerá ó dispoñer dos coleccions ou grupos organizados en xeral, os guías ou monitores necesarios para face-lo percorrido. Antes de inicia-la ruta, o grupo visitará a exposición permanente do centro e terá a oportunidade de visualiza-lo diaporama sobre o Parque Natural.

RUTA DO REGO DE PEDRA: a lonxitude total desta ruta é de 3000 metros. Corre paralela a un antigo rego de pedra utilizado no seu tempo para subministrar auga ás hortas da parte baixa do monte. Antes de chegar ó seu termo, a ruta percorre a Senda Botánica ilus-

trada con paneis interpretativos da vexetación. A duración aproximada é de dúas horas e media.

RUTA CABACIÑAS-POZA DE CABAÑAS: de menor lonxitude cá anterior, comeza co ascenso ó miradoiro de Cabaciñas para desde alí volver desendo pola marxe do regato de Cabanas ata a poza do mesmo nome. A lonxitude da ruta é de 1800 metros e a duración aproximada, dunha hora e media.

RUTA CASTRO ALTO DOS CUBOS: atopámonos neste caso cunha ruta lineal de 2500 metros de lonxitude entre ida e volta. Ten o seu inicio no lugar de Frinxo e chega ata as escavacións do castro do Alto dos Cubos, onde deberemos dar volta cara ó punto de partida. A duración aproximada é de dúas horas.

RUTA DOS MUÍÑOS DE TRIPES: esta ruta ascende de par da marxe do río Tripes e vai facendo un percorrido polos muíños restaurados da zona alta. A volta faise descendendo por unha senda que cruza polo bosque ata che-



A riqueza do noso patrimonio natural é unha heranza da que somos responsables.

gar de novo ó punto de inicio. Ten unha lonxitude de 2800 metros e unha duración aproximada de dúas horas e media.

RUTA DOS MUÍÑOS DE PAREDES: con 9000 metros de lonxitude é a ruta máis longa de todas. Parte do Centro de Información e vai descendendo ó longo de 4500 metros que atravesan o Parque Natural en dirección leste. Ó chegar ó lugar de Paredes, unha vez percorrida a zona dos muíños, débese dar volta para ascender de novo os 4500 metros ata o Centro de Información.

SENDA BOTÁNICA: parte tamén do Centro de Información. É un pequeno itinerario de 400 metros de lonxitude que amosa mediante unha serie de paneis os sistemas forestais de maior importancia na comarca do Baixo Miño e as súas especies más características.

A riqueza do noso patrimonio natural é unha heranza da que somos responsables. A sensibilización da

poboación e a educación integrada no medio é sen dúbida unha necesidade. Educar nesa sensibilización permitirá levar a cabo o proceso que vai dende a concienciación á implicación persoal.

Así, co desenvolvemento destas actividades e rutas de coñecemento do noso contorno máis próximo e utilizando diferentes ferramentas pedagóxicas (paneis interactivos, audiovisuais, xogos, folletos-guía...), partimos da visión global dun determinado ecosistema para chegar a unha reflexión persoal: nós tamén formamos parte del, os nosos hábitos contribúen ó seu funcionamento positiva ou negativamente, determinan a calidade do ambiente, en definitiva, a calidade de vida. E dado que o respecto polo medio é sobre todo cuestión de comportamento, desde aquí preténdese a toma de conciencia necesaria para chegar a unha maior sensibilización, convencidos de que este será un dos moitos camiños que hai que percorrer para consegui-lo.

